

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (PERCUSIÓN)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (PERCUSIÓN)									
ESPECIALIDADE	Produción e xestión					ITINERARIO			---
CARÁCTER	Obrigatoria					TIPO DE CLASE			Individual
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Percusión
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	6	6	6	6					Observacións:

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15.
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo.	T1, T3, T6, T15, X21, X24, EPX5
2. Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación dun repertorio adecuado nos instrumentos principais da familia da percusión.	T1, T3, T6, T15; X1, X3, X6, X11, X24, EPX5, EPX6, EPX7
3. Desenvolar a consciencia física e mental necesarias para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento.	T6, T15; X1, X3, X6, X11, X13, EPX5
4. Comprender e demostrar a comprensión mediante a interpretación de distintos estilos musicais ao longo da historia,	T1, T2, T3, T6, T15; X1, X3, X6, X21, X24; EPX5,



desenvovendo e aportando ideas propias con criterio e coherencia.	EPX6, EPX7
5. Desenvolver a esixencia de calidade sonora e adecuación tímbrica necesaria para cada obra.	T1, T3, T6, T15; X3, X24; EPX5, EPX6, EPX7
6. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa cun repertorio de obras de dificultade adecuada a este nivel e tendo en conta os aspectos de arte escénica que debe ter un concerto.	T1, T2, T3, T6, T15; X1, X3, X6, X11, X21, X24; EPX5, EPX7

4. CONTIDOS

Producción do son

1. Timbre ou combinación de timbres máis axeitados para cada instrumento, en relación coa obra.
2. Baquetación
3. Articulación
4. Elección de baquetas, varíñas e diferentes utensilios para a produción do son axeitado a cada situación musical.
5. Relación entre a técnica e produción dun son axeitado.

Estudo do repertorio.

1. Análise das obras.
2. Aplicación da técnica, fraseo, matices.
3. Audicións comparadas.

Audición pública:

1. Preparación, organización e desenvolvemento.

Técnicas de estudo: exercicios e pasos a desenvolver para a interpretación das obras.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Tutorías	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.*